

CONVENIO DE COLABORACIÓN EMPRESARIAL ENTRE LA AGENCIA GALLEGA PARA LA GESTIÓN DEL CONOCIMIENTO EN SALUD Y LUNDBECK ESPAÑA S.A.U PARA LA DIFUSIÓN Y PRESENTACIÓN DEL PLAN ESTRATÉGICO DE SALUD MENTAL DE GALICIA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Secretaria Xeral Técnica, DECLARA:

Que a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde formalizou, o día 13.05.2026, coa entidade LUNDBECK ESPAÑA SAU o instrumento convencional arriba referido, cun prazo de vixencia dende o día seguinte ao da sinatura ata o 31 de decembro de 2026. Non obstante, de conformidade co establecido no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, antes da finalización do prazo de vixencia, os asinantes do convenio poderán acordar a súa prórroga.

Que o instrumento convencional ten por obxecto a colaboración na difusión e presentación do "PLAN ESTRATÉGICO SAÚDE MENTAL DE GALICIA- SERVIZO GALEGO DE SAUDE – CONSELLERÍA DE SANIDADE". Dito Plan define as metas, prioridades, accións e recursos necesarios para mellorar a saúde mental dos galegos para os próximos anos. O seu obxectivo principal é fortalecer os servizos de saúde mental, previr os trastornos mentais, promover o benestar psicosocial, promover o emprego para este colectivo e garantir o acceso equitativo a atención de calidade.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxectivo referido.

Que o instrumento convencional que se asinou se fundamenta no seguinte:

Que polo Decreto 112/2015 do 31 de xullo, creouse a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (en diante ACIS), adscrita a Consellería de Sanidade. Entre os seus fins xerais e obxectivos básicos está o de elaborar, en réxime de descentralización funcional, a planificación en materia de docencia, formación, investigación, innovacións e avaliación de tecnoloxías e servizos sanitarios, en función dos criterios e obxectivos de planificación estratéxica definidos polo



Servizo Galego de Saúde e a Consellería de Sanidade e xestionar o coñecemento no Sistema Público de Saúde de Galicia.

Que segundo o artigo 42 dos seus estatutos, para o cumprimento dos seus obxectivos ACIS poderá contar, entre outros, con recursos procedentes de achegas voluntarias, doazóns, herdanzas, legados e demais achegas a título gratuito de entidades privadas e de particulares.

Que LUNDBECK España é unha entidade privada que ten por obxecto social e finalidades a investigación, o desenvolvemento, a fabricación e comercialización de medicamentos. Un dos seus obxectivos de innovación e busca é traballar pola calidade de vida dos/das pacientes que sofren enfermidades. Neste sentido a súa vontade é ofrecer produtos e servizos que axuden a mellorar a calidade de vida, a sociedade en xeral e contribuír a xerar coñecemento e colaborar na mellora de calidade asistencial. En consecuencia, pode adoptar e desenvolver actividades de investigación, formativas e de divulgación, contando coa colaboración e apoio científico, técnico e institucional dos xestores e técnicos de servizos sanitarios.

As compañías matrices LUNDBECK España e OPSA subscribiron un acordo de co-promoción da área terapéutica do Sistema Nervioso Central (en diante a Alianza), polo que os acordos e dereitos inherentes a esta convenio poden ser compartidos e cedidos a LUNDBECK España no marco da mencionada Alianza.

Que ACIS presentou a consideración da Alianza a proposta de colaboración económica para a difusión e presentación do "Plan Estratéxico en saúde mental" ante a Consellería de Sanidade e as sete Áreas Sanitarias.

Que o presente convenio formalizouse ao amparo do establecido no artigo 48.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, no que se prevé que "As administracións Públicas, os seus organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes..., no ámbito das súas respectivas competencias, poderán subscribir convenios cos suxeito de dereito público e privado, sen que elo supoña unha cesión da titularidade da competencia", e de modo específico, no artigo 25 da Lei 49/2002, de 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado, no que se regulan os "*Convenios de colaboración empresarial en actividades de interese xeral*" e en cuxo apartado 1 establece que "*Entenderase por convenio de colaboración empresarial en actividades de interese xeral, aos efectos previstos nesta lei, aquel polo cal as entidades as que se refire o artigo 16, a cambio dunha axuda económica para a realización das actividades que efectúen en cumprimento do obxecto ou finalidade específica da entidade, xa sexa dineraria, en especie ou consista nunha prestación de servizos realizada no exercicio da actividade económica propia do colaborador, se comprometen por escrito a difundir, por calquera medio, a*





participación do colaborador en ditas actividades. Esta difusión poderá ser realizada, así mesmo, polo colaborador. A difusión da participación do colaborador no marco dos convenios de colaboración definidos neste artigo non constitúen unha prestación de servizos”.

Que ACIS presentou a consideración da Alianza a proposta de colaboración económica para a difusión e presentación do “Plan Estratéxico en saúde mental” ante a Consellería de Sanidade e as sete Áreas Sanitarias.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de abril de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela.

